

XV - UNHA LAPA (DE LUME), EN REPRESENTACIÛN DO INCENDIO TODO

Eu son natural, como a chuvia e o vento, como os temporais ou os animalíños todos da terra e do mar. Acontezo cando as condicións para que me desenvolva son as axeitadas, aínda que iso tampouco suceda tan a miúdo. Podo prender por mor dun lóstrego dunha tormenta de verán, dun anaco de vidro deitado na terra de forma adecuada ou por unha cabicha sen apagar tirada por descoido; desas formas e tamén dalgunha máis.



Tampouco vou dicir que mesmo non reciba axuda con frecuencia, pois o certo é que xa mo poñían ben fácil dende

que inzaron os montes de piñeiros e eucaliptos e deixaron que o mato medrase a oito. Mais como asemella que iso non era suficiente, aínda permiten que ande ceiba toda esa manda de tarados. Malia todo, non penses que me estou a queixar; sei ser agradecida, aínda que pronto non me quede moito por queimar: moitas grazas. Cadaquén terá o seu motivo, non digo que non, que che hai de todo nesta terra: gandeiros, madeireiros, políticos co desexo de apuntar tantos e desacreditar os rivais, empresarios, especuladores inmobiliarios, veciños envexosos ou con ganas de vinganza e que sei eu cantas tipoloxías máis. Eu niso nin entro nin saio. Pero por riba de todo o que che hai é moito tolo; ou moito artista, que ás veces dubido e xa non sei nin que pensar. Xentiña que goza mirando para min, vendo como prendo e como medro, como engulo con devezo canto atopo.

Contemplar o lume ten a súa maxia, non mo negarás; un aquel que engaiola e apampa o máis frío. Pero unha cousa é pasmar ollando para a cacharela de San Xoán e outra ben distinta é darlle soprete a un cento de hectáreas. Ben me entendes. Que che vou dicir, que seguro que estás aborrecido de verme actuar en directo. Non precisas dos telexornais nin dos documentais que botan na canle temática para que saibas de que estou a falar; parece que dun tempo a esta parte, e en canto chega a calor, mires cara a onde mires, non se vexa outra cousa.

Ás veces espállome devagar, a rentes do chan, trabando, amais de na herba e o mato, nas iscas dos piñeiros; outras viaxo máis

rápido: vou polas copas das árbores deixándome levar polo vento; outras aínda, cando teño o día bravo, fago ambas as dúas ao tempo. Moito me gusta zarrapicar faíscas e facer remuíños de lume, non vexas como tolean os das cuadrillas, vaia xogo divertido! Todo depende de como veña o día, da pendente do terreo e da humidade do aire e mais das follas; e do vento, sobre todo do vento. Gozo coa airexa e mais co vento forte, mellor con vendaval. Se sopra do sur avanzo en empopada, podo chegar ao éxtase. Non hai como un chan seco e vento do sur. Ai, o vento amigo, que sería eu sen el!

Non teño sentimentos nin, por suposto, remorsos. Fago oídos xordos ás bestas aterradas, devasto e calcino, alimento o espanto. Chamusco canto atopo sen pensalo en demasía. Todo moi natural, como che dicía ao primeiro. Cando me dan pé, eu fago o que é consubstancial en min. Se me acenden, pásame o que a ti: dou en arder.